



Federación de Traballadores
do Ensino
Comisión Executiva Nacional

Membro fundador da IE e afiliado ó CSEE

Ensino Concertado

O INSS di NON á xubilación parcial aos 60 anos e 6 meses

FETE - INFORMA

Tivemos noticia de que a Seguridade Social, na nosa comunidade (e tamén noutras), está a impedir que os traballadores se xubilen aos 60 anos e 6 meses.

Xustifican esta medida mediante unha interpretación completamente restritiva da Disposición transitoria segunda do *Real Decreto-lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.*

Disposición transitoria segunda. Jubilación parcial.

Hasta el 31 de diciembre de 2012, podrán acogerse a la modalidad de jubilación parcial establecida en el artículo 166.2 del texto refundido de la Ley General de la Seguridad Social, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1994, de 20 de junio, con el cumplimiento de todos los requisitos exigidos en las letras b), c), d), e) y f) de dicho artículo, los trabajadores afectados por compromisos adoptados en expedientes de regulación de empleo o por medio de Convenios y acuerdos colectivos de empresa, aprobados o suscritos, respectivamente, con anterioridad a la entrada en vigor de este Real Decreto Ley, a las siguientes edades:

- 60 años si el trabajador relevista es contratado a jornada completa mediante un contrato de duración indefinida.
- 60 años y 6 meses si el trabajador relevista es contratado en otras condiciones.

Pois ben a Seguridade Social interpreta que para que se poida aplicar esta disposición transitoria debe tratarse de **traballadores/as pertencentes a unha empresa na que no convenio colectivo da propia empresa se**



estableza como compromiso do empresario o dereito dos seus traballadores/as á xubilación parcial.

E, segundo eles, o noso non é un convenio colectivo de empresa, porque o noso é o **V Convenio Colectivo de empresaS de ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos.**

Un plural matador que nos quita un dereito. Sen embargo o propio INSS non ten ningún problema en considerar que a Administración Xeral do Estado, a Administración dunha Comunidade Autónoma ou unha Administración provincial ou municipal, a estes efectos, debe tratarse como empresa.

Resumindo, a Administración autonómica considéranos como empregados públicos para quitarnos os cartos, o INSS considera que as administración públicas son **unha** empresa e que nós como non pertencemos a unha empresa (senón a diversas empresas) non temos dereito a xubilarnos parcialmente aos 60 anos e 6 meses. Alguén entende algo?

FETE-UGT Galicia só entende que, unha vez máis, **a Administración, esta vez a central, está a desprezar aos traballadores/as do ensino concertado, mesmo a burlarse deles/as** e que entre uns e outros están a recortar os nosos dereitos.

Os servizos xurídicos de FETE-UGT estudarán a fondo a posibilidade de recorrer o que consideramos unha arbitrariedade e un atropelo aos dereitos dos traballadores/as do ensino concertado.

Secretaría de Ensino Privado FETE-UGT Galicia